

LABREGA

Labrega, labreguiña,
coas túas mans elaboras
as colleitas de todos os días.

Labrega, labreguiña,
ti sachas o campo
e regas as hortalizas.

Labrega, labreguiña,
que nas tempadas de labranza
fas as cousas ti soíña.

Labrega, labreguiña,
de agora en diante
xa hai alguén que te admira.

PECHADOS

Era venres, mais o corredor principal do meu instituto semellaba un deserto sen fin. Non atopaba a ninguén algo que non era habitual tendo en conta que faltaban só dous minutos para que comezasen as clases.

Eu viñera todo o camiño ata o instituto pensando no meu amor, Xela. Co seu cabelo crecho e louro que semellaba unha enredadeira sen fin e cos seus preciosos ollos, que eran coma dous discos azuis xigantes, e con eles pechábame dentro dun mundo que parecía imaxinario.

Máis, todos os meus pensamentos desvanecéronse ao chegar ao instituto. Estaba só. Non estaba Xela, nin os meus amigos, nin os mestres. Non había ninguén. Estaba máis só ca nunca. Comecei a buscar polas clases, aseos, patios, corredores... Máis nada atopei. Por primeira vez en moito tempo desexaba con todas as miñas forzas que alguén berrase Xoan, o meu nome, ninguén o fixo.

Foi entón cando me percatei de que estaba soando unha melodía que proviña do cuarto eléctrico. Abrín a porta con inseguridade e de súpeto, sentín un arrefrío que me fixo parar en seco. E alí estaban todos. Semellaban “zombies”, todos coa testa inclinada cara adiante e os seus ollos cravados nun punto, o seu teléfono móbil. Comecei a buscar entre inertes. Vin a Xosé, Martiño e Anxo pero ningún contestou a miña chamada de atención. E foi alí cando sentín coma se o meu estómago encollese, coma se alguén me estivese presionando na miña gorxa, pero era sensación

miña, xa que alí estaba Xela, mais ela escoitábame, falábame, pensaba e razoable non estaba mirando unha pantalla iso facíaa especial, iso dérame unha razón máis para estar namorado dela.

Sara Castro Carballido